Galicia Encantada

ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Festas e mitoloxía relixiosa

San Bieito da Cova do Lobo

Onde hoxe está construída a igrexa de San Bieito, en San Lourenzo de Piñor, concello de Barbadás (Ourense), había unha cova na que vivía un lobo ao que todo o mundo temía, pero unha mañá, cando o lobo non estaba, un habitante entrou na profunda cova ata chegar ao final, onde apareceu unha santa imaxe. A imaxe de San Bieito. En honra á aparición desta imaxe, construíuse unha igrexa co seu nome.

[Texto remitido por David Conde Morales, de Ourense. Marzo, 2010]

VÉXASE

► O Tangaraño de Barbadás